

TEMA 6: A localidade e o Concello

1.-ALDEAS, VILAS E CIDADES (As persoas vivimos en casas. O agrupamento destas forman localidades, onde hai edificios e rúas diferentes)

1.-Aldeas

localidades pequenas

Características

- Casas unifamiliares rodeadas de hortos e campos.
- Hai camiños.
- Pucos habitantes.
- Traballos agropecuarios e pesca.
- Servizos son escasos.

3.-Cidades

localidades grandes

Características

- Edifícios altos e variados
- Rúas largas e longas; avenidas.
- Moitos servizos: sanitarios, educativos...
- Gran nº de habitantes.
- Utilízanse moito os coches.
- Hai zonas industriais situadas nas aforas (polígonos)
- Contaminación máis alta.
- Divídense en barrios.

Zonas da cidade

- **Centro histórico:** É a zona máis antiga.
- **O Ensanche:** Barrios arredor do centro
- **A Periferia:** Zona máis moderna

A vida na cidade

- Gran número de habitantes
- Traballos no sector servizos e fábricas.
- Percorridos de grandes distancias: autobuses, tranvía, metro, automóbiles.
- Tráfico intenso, contaminación notable.

2.-Vilas

localidades medianas

Características

- Edifícios de pouca altura.
- Rúas curtas e estreitas.
- Mais habitantes que nas aldeas.
- Traballan nos servizos, comercio e industrias da zona, pesca e turismo.
- A maioría dos desplazamentos son a pe.
- Pouca contaminación

Tipos

- **Circulares:** Arredor dunha praza. As rúas parten da praza. As casas agrupadas.
- **Liñais:** casas agrupadas á beira dun camiño.
- **Porto de mar:** Casas agrupadas arredor do porto
- **Con casas illadas:** propias das paisaxes de montaña.

4.-O Goberno do municipio

Territorio gobernado polo Concello

Que é o Concello?

- Persoas que gobernan un municipio.
- **Composición.**
 4. Alcalde ou alcaldesa.
 5. Concelleiros /as

Como se forma o Concello?

- Eleccións municipais cada 4 anos.
 4. Campaña electoral.
 - Os candidatos presentan un programa.
 - Os cidadáns o len, escoitan e xulgan quen defende mellor os seus intereses.
 5. Eleccións.
 - Votan os maiores de 18 anos.
 6. Concelleiros e alcalde.
 - Os concelleiros elixidos votan ao alcalde
 7. O goberno municipal.
 - O alcalde elixe algúns concelleiros para que lle axuden nas distintas áreas de goberno: cultura, facenda, urbanismo...

1.-Grupos de poboación

(A poboación agrúpase por idades)

- **Poboación Nova:** habitantes de menos de 15 anos
- **Poboación adulta:** habitantes entre 15 e 65 anos.
- **Poboación anciá:** habitantes de máis de 65 anos.



2.-A POBOACIÓN

(Agrupamento de habitantes dunha localidade)

- **Habitante:** cada unha das persoas da localidade.
- **Poboación rural:** habitantes das aldeas.
- **Poboación urbana:** habitantes das vilas e cidades

2.-A poboación cambia

• Polo número.

- ✓ **Natalidade:** nenos e nenas que nacen nun ano.
- ✓ **Mortalidade:** habitantes que morren nun ano.
- **Movimentos de poboación.**
 - ✓ **Os inmigrantes:** persoas que chegan á localidade.
 - ✓ **Os emigrantes:** persoas que se van da localidade.

Proposta de actividades.

Exercicios:

1. Pax. 79: 1, 2,
2. Páx. 81: 1
3. Pax. 83: 1, 3
4. Pax. 87: 3
5. Pax. 89: 3

Xogos (Picade co rato en cada nome)

- [Municipio e localidade](#)
- [Servizos Municipais](#)
- [Responsabilidades](#)
- [Repaso](#)

Vídeos (Picade co rato en cada nome)

1. [Organización de las localidades](#)
2. [Aldeas, vilas e cidades](#)
3. [Servicios públicos](#)

Como funciona o Concello?

- Para gobernar hai que tomar decisións

4. O pleno

- Formado polo alcalde e todos os concelleiros
- Se debaten propostas e se aproban en **ordenanzas** de obrigado cumprimento.

5. O goberno municipal.

- Formado polo alcalde e concelleiros elixidos por el.
- Aplica os acordos aprobados en pleno.

Os servizos municipais

Que son?

- Actividades xestionadas polo concello para atender as necesidades dos seus habitantes.

Cales son?

- Son moi variados e distintos entre os concellos
 4. Culturais e de de ocio
 5. Urbanismo e transporte
 6. Saneamento.
 7. Protección

